


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

30-31 de xaneiro do 2021

## IV DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a nosa fe en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe Xesús preséntasenos como alguén que fala con autoridade, aquel que as súas palabras son tan potentes que non admiten réplica.

A autoridade destas palabras de Xesús é unha autoridade moral que responden a unha vida consecuente.

Cando a xente queda abraiada polos feitos e as palabras de Xesús faino porque comprende que con El o Reino de Deus está no medio de nós.

Na nosa vida, se de verdade intentamos ser cristiáns, temos que levar tamén, coma Xesús, unha vida consecuente e responsable, para poder mostrar con feitos e palabras esa presenza da man de Deus no noso mundo.

Nestes momentos de pandemia é moi importante que a nosa vida se mostre consecuente e responsable para así tamén poder esixirillo aos demais.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *A man de Deus está no medio de nós, pero cóstanos descubrila e moitas veces non somos consecuentes nin responsables como cristiáns cribles. Por iso, agora é o momento de recoñecelo, pedir perdón e comprometermos:*

### **Monitor/a**

➤ Queremos vivir sendo coherentes e sentíndonos responsables de nós mesmos e dos que nos rodean.

Señor conta coas nosas mans

➤ Queremos mostrar coas nosas palabras e feitos que podemos facer unha sociedade mellor na que todos teñamos un lugar.

Cristo conta coas nosas mans

➤ Queremos poñer no centro do noso interese aos que non teñen quen lles preste atención, aos marxinados por calquera causa.

Señor conta coas nosas mans

**Celebrante** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante** *Rematamos a primeira parte da celebración comprometéndonos a ser a voz dos necesitados, dos enfermos, dos marxinados, dos que non contan para ninguén.*

(silenzo)

### **Celebrante**

Deus, Noso Pai, concédenos adorarte con todo o corazón e amar a todas as persoas co mesmo amor que levou a Xesús a achegarse aos enfermos, aos necesitados e esquecidos, aos que o máis fácil é virarlle as costas. Pedímoscho por El, noso Señor e irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### **Monitor/a:**

*Na primeira lectura atopamos a promesa que Deus fai de enviar a un profeta que transmitirá as súas palabras.*

*Xesús fala con autoridade porque quere que escoitemos esas palabras de Deus, e as teñamos en conta na nosa vida, para que sexamos coherentes e responsables como El se nos mostrou.*

## LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Daquela díxolle Moisés ao pobo:

A un profeta coma min farao xurdir o Señor, o teu Deus, no medio de ti, de entre os teus irmáns. Facédelle caso, tal como llo pediches ao Señor, o teu Deus, no Horeb o día de asemblea, dicindo: Non quero seguir escoitando a voz do Señor, meu Deus, nin ver máis esta grande labarada, para non morrer. E entón o Señor díxome: Fixeron ben en dicir isto.

Fareilles xurdir un profeta coma ti do medio de seus irmáns e porei as miñas palabras na súa boca e falaralles todo o que eu lle mande, e a aquel que non lles faga caso ás miñas palabras, as que o profeta anuncie no meu Nome, eu pedireille contas.

Pero o tal profeta, se ten o atrevemento de dicir no meu Nome cousas que eu non lle mandei dicir e fala no nome de deuses alleos, entón morrerá ese profeta.

### Palabra do Señor

🎵 50 🎵 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 180 Mc 1,21-28 EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela viñeron a Cafarnaúm, e, ao chegar o sábado, Xesús púxose a ensinar na sinagoga.

Todos estaban abraiados da súa doutrina, pois ensinaba coma quen ten autoridade, non coma os letrados. E cadrou que había naquela sinagoga un home posuído por un mal espírito, e púxose a berrar:

- Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaret? Seica viñeches para acabar connosco?. Ben sei quen es ti: ti es o Santo de Deus.

Xesús mandoulle:

- Cala, e bótate fóra dese home.

O espírito malo sacudiuno, pegou un berro moi alto e saíu del. Todos ficaron pasmados, e discutían entre si, dicindo:

- Que é isto? Unha nova doutrina, e con autoridade; enriba, dálles ordes aos espíritos malos, e eles obedéceno.

E a súa sona espallouse de contado por toda a rexión de Galilea.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Xesús ensina con autoridade, e como non a vai ter?:  
fíxoo todo por achegarse aos marxinados,  
fíxoo todo por estar á beira dos enfermos,  
fíxoo todo por dar unha man aos necesitados.

Xesús é exemplo porque os feitos amosaban a coherencia coa que vivía. Deixaba á xente abraiada.

A nós abráiannos as mulleres que queren ser escoitadas na vida da igrexa.

A nós abráiannos as familias que se esforzan por educar ben aos seus fillos.

A nós abráiannos as persoas maiores que loitaron e moito por saír adiante nestas terras.

A nós abráiannos porque os seus feitos dan autoridade a todo o que din e sinten.

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**  
*Celebrante:* despois de escoitar a túa Palabra, Señor,  
queremos ser coherentes na fe e na vida, asumindo a  
responsabilidade persoal das nosas palabras e dos nosos  
feitos. Dicimos

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

### *Monitor/a*

Crede en Deus Pai e Nai,  
creador do ceo e máis da terra,  
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,  
e fogar acolledor para todas as xentes?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesús, o noso irmán,  
que viviu demostrando unha autoridade nacida no amar  
e que o comprometía na loita e na entrega aos demais?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo,  
que nos alenta para dar resposta ao Señor  
co noso bo facer de cada día?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na Igrexa,  
comunidade na que todos compartimos  
e que só será crible na coherencia  
entre o que se di e o que se fai?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Rezamos agora a Deus, que nos chama e nos convida a ser coherentes e responsables como nos mostra Xesús no Evanxeo. Dicimos:*

**SEÑOR, MIRA POLA NOSA IGREXA**

### *Monitor/a*

✓ Ti que nos chamas a poñer esperanza na vida, queremos que as nosas palabras e os nosos feitos mostren ilusión. Oremos

✓ Ti que nos chamas á responsabilidade e á coherencia, queremos que os nosos pasos sexan de proveito para os demais. Oremos

✓ Ti que nos chamas a vivir os valores e as actitudes de Xesús, queremos ser semellantes a el facendo sempre ben. Oremos

✓ Ti que nos chamas a poñer as mans, o corazón e o tempo ao servizo dos máis esquecidos, queremos vivir sen marxinar. Oremos

✓ Ti, que en Xesús, te achegas aos enfermos mentais, pedímosche polas persoas que padecen así, e polas que se adican ao seu coidado. Oremos

✓ Ti que te does cos que sofren, axúdanos a coidarnos para ser nós os mellores coidadores dos demais. Oremos.

**Celebrante:** *Atopamos, Pai, un bo exemplo no teu Fillo. Escolta Ti as oracións axudándonos a ser cribles en Cristo noso Señor. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Os feitos dan autoridade ás palabras coas que Xesús ensina. Agora facémolas nosas, con elas rezamos ofrecendo as nosas mans para facer ben:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Benaventurados os coherentes, ben o puido ter dito Xesús. Que nós merezamos ser benaventurados polo exemplo dos nosos coidados nestes momentos de pandemia e dificultade.*

### NON COMULGAMOS

### PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Os primeiros discípulos escoitaron a Xesús, e decidiron acompañalo pasando a vida con El. As súas Palabras estaban cheas de vida e eran de fiar porque o demostraba nos feitos.*

*O seu é un ensinarnos con autoridade a nós que hoxe compartimos este fogar como fogar de Evanxeo.*

 ***No colo da miña nai  
ou Non vou só***



## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con esperanza as túas palabras, sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza, de xeito que medremos na fe facendo crible o evanxeo. Pedímoscho por Cristo noso irmán, a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

*Xesús convídanos a que nos fiemos de Deus, porque El é o Deus da VIDA que confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.*

*O fogar no que hoxe compartimos faise vivo e crible, non nas palabras senón nos feitos de cada día.*

*Non quedemos coas mans nos bolsillos mirando para outro lado, é hora de facelo ben coidándonos. Que esta sexa unha semana de proveito para todos.*

***Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***



Xeús non cala,  
ensina coa autoridade  
dos seus feitos

**Marcos 1, 21-28**

“Todos estaban abraiados”

*Palabras do evanxeo de hoxe.*